

25 DE XULLO

Bon día a todas e a todos!

E grazas por virdes conmemorar o día de Galicia, o día da nosa terra, a nosa terra mai, o Día da Matria Galega.

Como cada ano, este é un momento de reivindicación, pero tamén é un momento de encontro, un momento para compartir valores e darlles visibilidade. Hai tantos xeitos de sentir a galegitude como habitantes ten o país. Cada quen ten a súa maneira, pero todas teñen algo en común: o amor pola nosa terra, pola nosa cultura, polo noso idioma.

Neste mundo globalizado en que vivimos temos a sorte de podermonos achegar ás manifestacións culturais e artísticas de pobos próximos e remotos. Isto supón unha posibilidade de enriquecemento que ata o de agora era descoñecida para a humanidade. Pero tamén supón unha enorme responsabilidade para nós.

Debemos ser fortes para non nos diluír no mare magnum da globalización. Debemos cultivar e conservar o noso patrimonio, material e inmaterial, non só para que outros pobos poidan achegarse a nós e coñecelo, senón tamén para deixármolo en herdanza ás nosas futuras xeracións.

Somos un pobo antigo, un pobo milenario, de bon talante e bon xantar, marcado pola beleza da nosa paisaxe e o peso da nosa historia. Por iso, coa forza da nosa lingua, desde este cantión do mundo, queremos facer un chamamento á unidade. Para que o noso pobo viva mil primaveras máis, para que o noso pobo perdure sendo máis xusto, máis libre, máis solidario e máis galego.

Viva Cedeira!

Viva Galicia!

Moitas grazas.